



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2026/E001/000003. Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026.

Constitúese o tribunal de selección ás 8.45 horas, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 300/2026 de 3 de agosto de 2026 para proceder á realización do proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía n.º 110/2026 de 27 de marzo de 2026, publicadas no BOP núm. 63 de 7 de abril de 2026.

Lugar: “Nave de Servizos Municipais”

Día: 6 de agosto de 2026

Asistentes:

- Presidente: Juan Ramón López Tojo, persoal laboral fixo condutor encargado camión lixo Concello de Touro.
- Secretario: José López González, secretario-interventor do Concello de Touro.
- Vogal 1º: José Ramón Casal Orza, funcionario administrativo do Concello de Touro.

Non asisten:

- Vogal 2ª: María Carmen Becerra Carlín, auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: Paz Gutiérrez Abella, funcionara traballadora social do Concello de Touro.

Reúnese o Tribunal de selección co obxecto de realizar a proba práctica, na que se valorará o manexo de útiles, ferramentas e maquinaria agrícola e forestal, sendo algunhas das funcións do posto de traballo a desenvolver. Valorarase a destreza, calidade do traballo, coñecemento do material ou a maquinaria e tempo empregado nesta proba práctica.

Cualificarase de 0 a 10 puntos sendo excluídos/as os/as aspirantes es que non acaden o mínimo cinco puntos (5 puntos). A cualificación deste exercicio efectuarase con 2 decimais. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Corresponde ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Ás 9.00 horas procedeuse ao chamamento das persoas que constan na lista de admitidos ao abeiro do listado remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello (oferta 12-2026-6599 - Condutores-operadores de maquinaria forestal con motor, en xeral):

Apelidos e nome	DNI	Observacións
Pérez Ponte Alfonso	***9903**	NON COMPARECE

O Tribunal, por unanimidade, acorda:

Declarar deserto o procedemento de selección ao non presentarse a única persoa candidata da lista de admitidos.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

Presidente	Vogal	Secretario
Juan Ramón López Tojo	José Ramón Casal Orza	José López González